

Punto da orde do día: 15

Tipo de xuro anual das achegas voluntarias ao capital social

ÍNDICE

Entorno económico global	2
Entorno económico da cooperativa	2
Referencias de tipos de xuro	4
Propostas de tipos de xuro para o período 01/07/2024 a 30/06/2025	5

Entorno económico global

As perspectivas a escala mundial apuntan a unha desaceleración das economías ([Banco Mundial](#))

A guerra na Ucraína e o xenocidio en Gaza seguen a xerar unha grande incerteza no ámbito xeopolítico.

Esta ralentización económica favorece xa un descenso da inflación no Estado español: tras 2 anos de inflación alta (6,5 % en 2021, 5,7 % en 2022), 2023 rematou cun 3,1 %, e prevese un IPC do 2,9 % para 2024.

Os tipos de xuro no sector bancario subiron en 2023 (tras moitos anos de tipos de xuro negativos) e sitúanse agora nun euríbor a 12 meses do 3.66 %. Prevese unha redución, con resultados estimados do 3,25 % para finais de 2024 e do 2,75 % para 2025 ([Bankinter](#)).

Entorno económico da cooperativa

Na actividade de comercialización mantemos uns resultados bos, con máis de **1,4 millóns de EBITDA** en 2023, ao que hai que sumar as reservas coas que xa conta a cooperativa.

A cifra total contratada coas entidades financeiras ascende a 12,8 millóns de euros.

- pólizas de crédito (7 M€)
- empréstitos (0.8 M€)
- liñas de confirmación de pagamentos (5 M€)

Só dispomos dos 0.8 M€ do empréstito.

As achegas voluntarias das socias ao capital social son outra grande vía de financiamento. Actualmente case acadan os 24,5 millóns de euros.

Consideramos oportuno manter esta grande liquidez financeira por dous motivos:

- Permítenos estar preparadas, vista a inestabilidade política a nivel internacional, para posíbeis subidas repentinas do prezo da enerxía (e conseguinte aumento das garantías no mercado).

CADRO EXEMPLO AUMENTO GARANTÍAS POR UN INCREMENTO X


	sum						
perc_incr	0,25	0,5	0,75	1	1,25	1,5	1,75
data							
2023-03-17	17.252.234	15.056.360	12.860.148	10.664.153	8.468.106	6.271.940	4.075.456

- Segundo o noso plan de investimento, prevemos investir máis de 40 millóns de euros en novos proxectos de xeración nos vindeiros 3 anos. Ter unha tesourería nutrida permitiranos asumir ese investimento e aproveitar as oportunidades que poidan xurdir.

Por outra banda, e como é de esperar nunha modalidade de financiamento na que participan máis de 8800 persoas, as achegas voluntarias rexistran entradas e saídas no curso do ano.

Mes	Achegas	Devolucións	Saldo neto
03/2023	25.700	-298.300	-272.600
04/2023	19.400	-362.800	-343.400
05/2023	93.700	-374.800	-281.100
06/2023	163.500	-144.800	18.700
07/2023	165.800	-256.200	-90.400
08/2023	33.000	-34.700	-1.700
09/2023	70.800	-130.400	-59.600
10/2023	55.900	-221.200	-165.300
11/2023	35.100	-192.300	-157.200
12/2023	32.300	-174.700	-142.400
01/2024	12.200	-79.900	-67.700
02/2024	25.100	-264.400	-239.300
Total	732.500	-2.534.500	-1.802.000

Capital Social Voluntario - Últimos 12 meses



Referencias de tipos de xuro

- Letra do Tesouro Público a un ano (Estado español) 3,50% (05/03/2024)
- Letra do Tesouro Público a un ano (Alemaña) 3,42% (03/04/2024)
- Xuro legal do diñeiro: 3,25%
- Tipos de xuro do capital social voluntario no ecosistema cooperativo:

Entidade	Tipo de xuro (%)
Som Energia	2,00
Som Mobilitat	2,50
Coop57	0,50
Goiener	0,00
Abacus	4,00
Consum	3,00

- Financiamento bancario de proxectos: euríbor 12m+2 % = 5,66 %
- Custo avais de mercado 0,85 % anual sen pignoración
- Financiamento de pólizas a Som Energia: 4,75 % (non dispostos 0,30 %)

Propostas de tipos de xuro para o período 01/07/2024 a 30/06/2025

Opción 1

Subir o tipo de xuro ata o 2,5 %

Opción 2

Manter o tipo de xuro actual do 2 %

Opción 3

Diminuír o tipo de xuro ata o 1,5 %

Puntos a favor e en contra das opcións propostas:

Tipo xuro	1,5%	2%	2,5%
A favor	Redución dos gastos financeiros nuns 115 000 € Retribución por debaixo do mercado	Continuarase coa devolución de 2 M€ anuais Mantense o gasto previsto no orzamento 2024 Poderemos cumprir cos investimentos previstos en 2024-25 sen financiamento alleo.	Redución das devolucións. Poderemos cumprir cos investimentos previstos en 2024-25 sen financiamento alleo.
En contra	Posíbel aumento das solicitudes de devolución. Dificultade de dispor de tesourería propia para investimentos.		Aumento dos gastos financeiros nuns 115 000 € Retribución por riba do mercado
Neutro		Proposta aliñada coas que se fan ás socias desde outras entidades	